REUNIÓN DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

Día: 05.04.2018 Hora: 16:00

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 5 de abril de 2018, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Preguntas

1 22202 (10/POC-003616)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego da exclusión das titulacións impartidas ao abeiro do Sistema universitario de Galicia para a formación dos cadros de persoal das entidades bancarias e a venda de produtos financeiros complexos, e as medidas que ten desenvolvido para avaliar e solucionar esta situación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018

2 23629 (10/POC-003940)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón
Sobre a valoración da Xunta de Galicia sobre a elevada e crecente desigualdade na distribución da renda, as medidas previstas para impedilo e o seu programa para combater a pobreza e a desigualdade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018

3 26071 (10/POC-004258)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre a valoración e as medidas que vai adoptar o Goberno galego para atender as recomendacións do Consello de Contas de Galicia referidas ao uso do programa 621B, Imprevistos e funcións non clasificadas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018

4 27148 (10/POC-004403)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e 13 máis
Sobre a posición da Xunta de Galicia respecto do impacto do actual modelo de revalorización anual das pensións contributivas, regulado artigo 58 do Texto refundido da Lei de Seguridade Social, no poder adquisitivo das persoas pensionistas de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272, do 07.03.2018

5 27422 (10/POC-004441)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis
Sobre o financiamento asignado a cada un dos 24 grupos de desenvolvemento rural con cargo á medida Leader de desenvolvemento rural para dinamizar o agro galego, os proxectos financiados, así como os que quedaron sen financiamento en cada un deses grupos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 277, do 15.03.2018

6 27705 (10/POC-004475)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coa fenda existente na contía das pensións entre mulleres e homes, a avaliación do seu impacto na economía a medio prazo e as medidas adoptadas ou que vai levar a cabo para procurar unha suba significativa da contía media das pensións do colectivo feminino, así como as xestións realizadas ante o Goberno central ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2018

Abel Fermín Losada Álvarez
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Abel Fermín Losada Álvarez	S

Vicepresidenta

Cristina Isabel Romero Fernández	P

Secretario

Gonzalo Trenor López	P

Vogais

José González Vázquez	P
José Manuel Lago Peñas	EM
María Guadalupe Murillo Solís	P
Paula Prado del Río	P
Noa Presas Bergantiños	BNG
Pedro Puy Fraga	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Antón Sánchez García	EM
Sandra Vázquez Domínguez	P

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 05.04.2018 Hora: 16:00

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 05.04.2018 Hora: 16:00

Orde do día

1.1 22202(10/POC-003616)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da exclusión das titulacións impartidas ao abeiro do Sistema universitario de Galicia para a formación dos cadros de persoal das entidades bancarias e a venda de produtos financeiros complexos, e as medidas que ten desenvolvido para avaliar e solucionar esta situación

Publicación da iniciativa, 237, 11.01.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 11:50
Nº Rexistro: 22202
Data envio: 04/01/2018 11:50:40.410

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª**.

Durante os últimos anos as consecuencias dramáticas de diferentes calotes bancarios derivaron en que a partir da mobilización dos colectivos sociais, sindicais e políticos as administracións e diferentes autoridades pularan por cambios normativos. Diante da mala praxe na colocación de produtos ás persoas consumidoras, tamén as autoridades europeas, en concreto a autoridade de mercados europea, a ESMA, puxo en marcha a Directiva 2014/65/UE coñecida coma MIFID II e os diversos regulamentos derivados, que debían ser adaptados á lexislación de cada estado. En concreto, no Estado Español, correspondería á CNMV esta transposición.

En repetidas ocasións, este Grupo Parlamentar ten denunciado que a falta de control sobre a banca na venda de produtos financeiros pode provocar novas estafas colectivas e que polo tanto era preciso exercer cunha maior ambición e recursos as competencias exclusivas en consumo que recolle o Estatuto de Autonomía de Galiza no seu artigo 30.I.4, outorgando as competencias sobre comercio interior e defensa do consumidor e do usuario, sen prexuízo da política

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 11:50
Nº Rexistro: 22202
Data envio: 04/01/2018 11:50:40.410

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xeral de prezos e da lexislación sobre defensa da competencia. Máis aínda, o BNG alertou dos riscos que estaban a darse xa non só desde a perspectiva das persoas consumidoras, senón tamén dos e das traballadores sobre os que cada vez paira maior responsabilidade baleirando desta ás entidades financeiras.

A comezos de 2017, o BNG pediu tamén que o Parlamento demandara á Xunta de Galiza levar a cabo as actuacións precisas de cara a solicitar que a CNMV trasladara canto antes a normativa comunitaria de protección dos e das usuarias de banca ante a comercialización dos produtos financeiros, e que esa adaptación se producira coa negociación da representación dos cadros de persoal. Doutra banda, as e os nacionalistas insistimos sempre na necesidade de non responsabilizar ás e aos traballadores de cuestións que deben depender das entidades bancarias e das entidades públicas, como é o referido ás valoracións de risco, sen entrar en posíbeis conflitos de interese e consecuencias mesmo penais para traballadores e traballadoras que reciben en moitos casos presións para as vendas e cuxas condicións de traballo teñen empeorado. Así mesmo, insistimos sempre na importancia da formación e da regulación desta, que debe ter o seu peso en institucións públicas.

Neste sentido, desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos alarmante que a CNMV non teña considerado que nin unha soa titulación das impartidas dentro do Sistema Universitario Galego teña validez de cara á formación de persoal para as funcións de venda dos produtos financeiros, máis aínda cando se trata dunha tarefa que ocupa a maioría das e dos traballadores de cada entidade. As e os nacionalistas consideramos fóra de toda lóxica que se exclúan as titulacións universitarias impartidas que teñen relación coa materia e

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 11:50
Nº Rexistro: 22202
Data envio: 04/01/2018 11:50:40.410

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tamén outras formacións profesionais e que se limite a unhas certificacións recentemente publicadas que non obedecen aos criterios de adaptación ás novas normas nin de apostar pola formación desde os sistemas públicos. Consideramos, polo tanto, que estamos diante dun agravio para co Sistema Universitario Galego, as competencias galegas de ensino e a protección dos cadros de persoal e das persoas consumidoras, pois afóndase no desleixo canto á formación mesmo derivándoa nalgún caso a entidades con poucas garantías.

Por todas estas cuestións formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª:

-Cal é a valoración do goberno galego da exclusión das titulacións impartidas ao abeiro do Sistema Universitario Galego para a formación dos cadros de persoal das entidades bancarias e a venda de produtos financeiros complexos?

-Que actuacións ten levado ao respecto o goberno galego?

-Trasladou a Xunta de Galiza algunha suxestión previa ou posterior á Comisión Nacional de Mercado de Valores? Dirixiuse ao organismo estatal para tratar este asunto?

-Considera o goberno galego que están a ser respectadas as competencias de ensino do noso país?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 11:50
Nº Rexistro: 22202
Data envio: 04/01/2018 11:50:40.410

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera o goberno galego que é garantida a certificación como asesor ou asesora pola vía da EFPA?

-Ten avaliado esta cuestión en diálogo coas organizacións sindicais dos e das traballadoras? Con que resultado?

-Ten avaliado esta situación a Xunta de Galiza coas Universidades Galegas?

-Ten avaliado o Instituto Galego de Consumo as posíbeis repercusións na vulneración da protección das persoas consumidoras?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 11:50
Nº Rexistro: 22202
Data envio: 04/01/2018 11:50:40.410

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 04/01/2018 11:49:10

María Montserrat Prado Cores na data 04/01/2018 11:49:19

Olalla Rodil Fernández na data 04/01/2018 11:49:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/01/2018 11:49:27

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2018 11:49:31

Ana Pontón Mondelo na data 04/01/2018 11:49:35

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 05.04.2018 Hora: 16:00

Orde do día

1.2 23629(10/POC-003940)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón

Sobre a valoración da Xunta de Galicia sobre a elevada e crecente desigualdade na distribución da renda, as medidas previstas para impedilo e o seu programa para combater a pobreza e a desigualdade

Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2018 18:28
Nº Rexistro: 23629
Data envio: 18/01/2018 18:28:48.953

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.ª.**

A Axencia Tributaria publica cada ano un informe sobre os ingresos declarados por todas as persoas que no exercicio anterior percibiron rendas en forma de salarios, pensións ou prestacións por desemprego.

Este estudo censal, chamado o Mercado de Traballo e de Pensións nas Fontes Tributarias, informa de xeito detallado dos ingresos reais obtidos por todas as persoas que no ano anterior recibiron salarios, pensións ou prestacións por desemprego, polo que é un retrato preciso da realidade do noso país.

En total no ano 2016 en Galicia houbo 1.784.611 persoas con ingresos de orixe laboral, salario, pensión ou prestación por desemprego.

A estatística da Axencia Tributaria permite unha análise relacionada coa desigualdade social, porque permite coñecer como se reparte a renda entre os diferentes tramos de riqueza.

O informe distribúe as persoas en intervalos a partir dun nivel mínimo formado polas que teñen ingresos inferiores a 3 mil euros anuais ata un valor máximo dos que gañan mais de 30 mil, con seis tramos entre ámbolos dous extremos.

A polarización no reparto da renda faise evidente comparando os dous estremos. No lugar máis baixo da escala están as 154.000 persoas con menores ingresos, que reciben en conxunto 205 millóns de euros no total do ano. No extremo

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2018 18:28
Nº Rexistro: 23629
Data envio: 18/01/2018 18:28:48.953

contrario están os 229.000 que máis ingresan porque acumulan unha cantidade total de 10.152 millóns de euros.

Para entendelo mellor, os que gañan máis de 30.000 euros apenas son 1,5 veces máis que os que gañan menos de 30.000 pero acaparan unha parte da renda 50 veces superior. Expresado en porcentaxe, os 154.000 que menos cobran quédanse co 1% da renda total mentres que os 229.000 que máis cobran acaparan o 35% da renda total.

Cando se analiza o conxunto dos tramos de ingresos se confirma esta desigual e inxusta distribución da renda. No extremo inferior, o 38% das persoas —os de ingresos baixos ou moi baixos— reciben o 13% da renda total. No extremo superior dáse unha situación case simétrica pero a inversa: o 13% das persoas quédanse co 35% da renda total.

En síntese, os datos da Axencia Tributaria confirman dúas características preocupantes do actual modelo económico e social: a pobreza e a desigualdade.

En primeiro lugar, a existencia dunha parte moi importante da sociedade galega, o 50%, que ten ingresos baixos ou moi baixos que os sitúan na precariedade cando non na pobreza e a exclusión social.

En segundo lugar, e vinculado directamente á pobreza, está a desigualdade, cun elevado grado de acumulación da renda no tramo alto en prexuízo das que menos ingresan, construíndo unha escala de desigualdade social imparable, por iso España e Galicia encabezan a desigualdade na Unión Europea.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Como valora a Xunta a elevada e crecente desigualdade na distribución da renda en Galicia?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2018 18:28
Nº Rexistro: 23629
Data envio: 18/01/2018 18:28:48.953

GRUPO PARLAMENTAR en marea

2.ª) Parécelle normal que 154.000 persoas, que supoñen o 9% das persoas declarantes dispoñan tan só do 1% das renda?

3.ª) Ten pensado algunha medida para impedir a enorme desigualdade que supón que o grupo dos que máis ingresan teñan 50 veces máis porcentaxe da renda que o grupo dos que menos cobra?

4.ª) Que opina de que o 38% das persoas apenas reciban o 13% da renda mentres que o 13% de maiores ingresos acaparen o 35% da renda?

5.ª) Cal é o seu programa para combater a pobreza e a desigualdade que sofre a sociedade galega?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 18/01/2018 17:33:07

Antón Sánchez García na data 18/01/2018 17:33:24

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 05.04.2018 Hora: 16:00

Orde do día

1.3 26071(10/POC-004258)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración e as medidas que vai adoptar o Goberno galego para atender as recomendacións do Consello de Contas de Galicia referidas ao uso do programa 621B, Imprevistos e funcións non clasificadas

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2018 11:30
Nº Rexistro: 26071
Data envio: 13/02/2018 11:30:04.336

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Matilde Begoña Rodriguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A regulación de acceso da cidadanía a determinada información administrativa vén contemplada no artigo 105 da Constitución española.

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na súa exposición de motivos recolle que o dereito fundamental á participación nos asuntos públicos non se debe entender limitado ao dereito de sufraxio senón á capacidade da cidadanía de ser un actor fundamental no seguimento, no control e na vixilancia da actividade dos poderes públicos.

Na dita Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, establécese que o obxecto da Lei (artigo 1) é regular a transparencia e a publicidade na actividade pública, e que os principios reitores da Lei (artigo 2) son o principio de transparencia, o principio de accesibilidade universal, o principio de participación cidadá, o principio de veracidade, o principio de responsabilidade, o principio de non discriminación tecnolóxica nin lingüística, o principio de reutilización da información e o principio de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico e á cidadanía no relativo á actuación das persoas que ocupen altos cargos.

De igual modo, a Lei dedica o Capítulo IV (artigos 24 a 28) a regular o dereito de acceso á información pública, establecendo no primeiro punto que "Todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública nos termos previstos na normativa básica en materia de transparencia".

O Consello de Contas foi creado coa Lei 6/1985 e reformado pola Lei 8/2015, coa finalidade de reforzar as competencias do órgano de control externo da Comunidade Autónoma, a súa independencia e a súa propia eficiencia e capacidade de cooperación con outras institucións.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2018 11:30
Nº Rexistro: 26071
Data envio: 13/02/2018 11:30:04.336

O Consello de Contas presenta anualmente o Plan de traballo para ese exercicio que despois desenvolve coa elaboración da memoria anual de actividades e os informes de fiscalización do sector público de Galicia, entre os que sempre se inclúe a Conta xeral da Comunidade Autónoma do exercicio que corresponda.

A estrutura de cada un dos informes de fiscalización contén unha introdución, o desenvolvemento de cada un dos apartados correspondentes ao tema que se trate, as conclusións do Consello de Contas, as recomendacións do Consello de Contas, os anexos correspondentes e as alegacións.

Nos informes de fiscalización da conta xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio 2015 entregados polo Consello de Contas reitéranse varias conclusión e recomendacións sobre a liquidación e a xestión orzamentaria:

Conclusión sobre as modificacións orzamentarias:

"*5.3. Segue constatándose un uso excesivo da utilización do programa 621B Imprevistos e funcións non clasificadas coa finalidade de programa-ponte para realizar transferencias de crédito, permitindo alterar os límites fixados pola normativa que impedirían as transferencias directas entre as aplicacións afectadas; así como para aplicar os sobrantes dos créditos nas distintas consellerías ao financiamento das partidas deficitarias ao longo do exercicio, como no caso de gasto farmacéutico".*

Da que se deriva a **recomendación 6.4 "Liquidación e xestión orzamentaria:**

"*6.4. Recoméndase a adopción de medidas lexislativas e de control parlamentario que, aínda respectando as necesarias marxes de manobra para unha xestión orzamentaria eficaz, limiten o uso excesivo do programa 621B Imprevistos e funcións non clasificadas*".

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2018 11:30
Nº Rexistro: 26071
Data envio: 13/02/2018 11:30:04.336

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Por iso a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre esta recomendación reiterada, ano tras ano, polo Consello de Contas?

2ª) Que medidas vai adoptar o Goberno galego sobre o uso do programa 621B Imprevistos e funcións non clasificadas, para atender a recomendación do Consello de Contas?

Pazo do Parlamento, 12 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/02/2018 11:26:22

Abel Fermín Losada Álvarez na data 13/02/2018 11:26:29

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 13/02/2018 11:26:36

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 05.04.2018 Hora: 16:00

Orde do día

1.4 27148(10/POC-004403)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre a posición da Xunta de Galicia respecto do impacto do actual modelo de revalorización anual das pensións contributivas, regulado artigo 58 do Texto refundido da Lei de Seguridade Social, no poder adquisitivo das persoas pensionistas de Galicia

Publicación da iniciativa, 272, 07.03.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2018 13:35
Nº Rexistro: 27148
Data envio: 01/03/2018 13:35:35.502

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, Luís Villares Naveira, Carmen Santos Queiruga, Antón Sánchez García, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Luca Chao Pérez, Paula Vázquez Verao, Paula Quinteiro Araujo, Francisco Casal Vidal, Ánxeles Cuña Bóveda, Juan José Merlo Lorenzo, Davide Rodríguez Estévez e Eva Solla Fernández, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.ª.**

O mecanismo de revalorización das pensións é fundamental para garantir o dereito constitucional a un retiro digno, xa que é a clave para que as persoas beneficiarias poidan tomar decisión fundadas acerca do seu futuro e, polo tanto, gozar dunha ben merecida estabilidade. Trátase, noutras palabras, dunha protección imprescindible fronte aos riscos e dificultades que van aparellados ao envellecemento.

Porén, isto non impediu que no marco de redución do déficit público se contemplase a suspensión da revalorización (Real Decreto-Lei 8/2010, de 20 de maio, Lei 39/2010, de 22 de decembro, LPE para 2011, RDL 28/2012, do 30 de novembro) como medida excepcional e conxuntural. Tampouco significou moito que a suspensión fora contraria a Recomendación número 11 do Pacto de Toledo.

A medida "conxuntural" adquiriu a categoría de definitiva tralo Informe do Comité de Expertos do 7 de xuño de 2013. O informe suxería non revalorizar anualmente as pensións atendendo ao IPC senón a un novo índice menor que a inflación. Dita "revalorización" suporía, na práctica, unha perda constante de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2018 13:35
Nº Rexistro: 27148
Data envio: 01/03/2018 13:35:35.502

poder adquisitivo para as persoas pensionistas. Este novo factor incumpre dun xeito flagrante o artigo 50 da Constitución, que obriga a os poderes públicos a garantir, mediante pensións adecuadas e actualizadas periodicamente, a suficiencia económica da cidadanía durante a terceira idade.

O novo índice de revalorización é problemático mesmo na súa caracterización. É opaco no seu deseño e funcionamento, arbitrario na fixación da contía da revalorización e deixa moita marxe á discrecionalidade. Ademais, é inxusto por como afecta ás pensións mínimas e as non contributivas. Ao supor unha gran perda económica, pode derivar nun empobrecemento paulatino das persoas coas prestacións máis baixas, mulleres na súa meirande parte.

Deténdonos no aspecto estritamente xurídico, o feito de que a medida afecte ás pensións causadas con anterioridade á reforma é susceptible de ser inconstitucional, xa que ten efectos retroactivos prexudiciais para a cidadanía. A medida tamén pode vulnerar a doutrina do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, que considera que "calquera axuste no sistema de pensións debe levarse a cabo de maneira gradual, prudente e medida" pois "calquera outro enfoque podería poñer en perigo a paz social, a previsibilidade do sistema e a seguridade xurídica".

Hai, polo tanto, motivos dabondo para modificar o método actual de revalorización anual das pensións.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Cal e a posición da Xunta de Galicia sobre o actual modelo de revalorización das pensións contributivas, regulado no artigo 58 do Texto

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2018 13:35
Nº Rexistro: 27148
Data envio: 01/03/2018 13:35:35.502

refundido da Lei da Seguridade Social, que eliminou o IPC como referencia para establecer variables que determinan un incremento do 0,25%, moi por baixo do incremento dos prezos, o que condena as persoas pensionistas galegas a sufrir unha perda importante e sostida do seu poder adquisitivo, como por exemplo 0 2% que perderon tan só en 2017?

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2018.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 01/03/2018 13:16:02

Luis Villares Naveira na data 01/03/2018 13:16:12

Carmen Santos Queiruga na data 01/03/2018 13:16:20

Antón Sánchez García na data 01/03/2018 13:16:29

Paula Vázquez Verao na data 01/03/2018 13:16:38

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 01/03/2018 13:16:42

Juan José Merlo Lorenzo na data 01/03/2018 13:16:45

Eva Solla Fernández na data 01/03/2018 13:16:49

Luca Chao Pérez na data 01/03/2018 13:16:53

Paula Quinteiro Araújo na data 01/03/2018 13:16:56

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2018 13:35
Nº Rexistro: 27148
Data envio: 01/03/2018 13:35:35.502

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Magdalena Barahona Martín na data 01/03/2018 13:17:00

Francisco Casal Vidal na data 01/03/2018 13:17:04

David Rodríguez Estévez na data 01/03/2018 13:17:07

Marcos Cal Ogando na data 01/03/2018 13:17:11

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos
Día: 05.04.2018 Hora: 16:00
Orde do día

1.5 27422(10/POC-004441)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre o financiamento asignado a cada un dos 24 grupos de desenvolvemento rural con cargo á medida Leader de desenvolvemento rural para dinamizar o agro galego, os proxectos financiados, así como os que quedaron sen financiamento en cada un deses grupos

Publicación da iniciativa, 277, 15.03.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27422
Data envio: 06/03/2018 18:58:09.672

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez, José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

O programa Leader persegue un desenvolvemento rural baseado na participación da poboación do territorio, integrando nel todos os recursos e actores económicos e humanos existentes.

En Galicia creáronse 24 grupos de desenvolvemento rural (GDR) para dinamizar o agro galego, con socios públicos e privados, que seleccionan os proxectos que lles permiten desenvolver as súas estratexias de desenvolvemento rural, sendo os proxectos que reciben apoio por esta vía de carácter produtivo, para fomentar diferentes ramas de actividade, e non produtivo, de tipo social, cultural ou turístico, sendo os principais obxectivos a creación e mantemento de emprego no rural e a mellora da calidade de vida da súa poboación.

No Consello da Xunta de Galicia o 14 de decembro de 2017, o goberno galego avaliou un informe de Medio Rural sobre o desenvolvemento rural para dinamizar o agro galego, medida Leader que conta cun orzamento de 84 millóns de euros para o período 2014-2020, e que a Consellería de Medio Rural vai destinar máis de 17,5 millóns de euros no bienio 2018-2019 para financiar diferentes iniciativas para dinamizar o agro galego dentro da medida Leader.

Trátase tamén de favorecer a ocupación sustentable do territorio, prestando atención especial aos colectivos máis desfavorecidos, como as mulleres, os mozos, as persoas con discapacidade ou as persoas maiores.

Outros fins que se perseguen son os de garantir a sustentabilidade da actividade no rural, mediante o coidado e a utilización adecuada dos recursos naturais, potenciar a gobernanza local e a animación social do territorio e contribuír á concienciación e adaptación ante o cambio climático, fomentando o uso de enerxías renovables e a mellora da eficiencia enerxética.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27422
Data envio: 06/03/2018 18:58:09.672

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o financiamento asignado para cada un dos 24 grupos de desenvolvemento rural?

2ª) Cales foron os proxectos financiados por cada un dos 24 grupos de desenvolvemento rural?

3ª) Cantos e cales foron os proxectos que quedaron sen financiamento en cada un dos grupos de desenvolvemento rural?

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/03/2018 16:15:00

Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/03/2018 16:15:08

Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/03/2018 16:15:16

José Antonio Quiroga Díaz na data 06/03/2018 16:15:26

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos
Día: 05.04.2018 Hora: 16:00
Orde do día

1.6 27705(10/POC-004475)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coa fenda existente na contía das pensións entre mulleres e homes, a avaliación do seu impacto na economía a medio prazo e as medidas adoptadas ou que vai levar a cabo para procurar unha suba significativa da contía media das pensións do colectivo feminino, así como as xestións realizadas ante o Goberno central ao respecto

Publicación da iniciativa, 280, 21.03.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 13:22
Nº Rexistro: 27705
Data envio: 12/03/2018 13:22:55.286

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª**, sobre o impacto na economía galega da fenda existente entre as pensións de mulleres e homes no noso país e as medidas a adoptar.

Neste contexto, a preocupación pola contía das pensións así como pola súa viabilidade nas próximas décadas ten adquirido grande importancia nas inquedanzas da sociedade e no debate público. Máis aínda, nun contexto no que os últimos dez anos de crise económica e de consolidación da precariedade terán consecuencias para milleiros de persoas unha vez rematada a vida laboral, xa que condiciona de por vida os ingresos das persoas inactivas, das pensionistas e xubiladas. Neste camiño son moitos os colectivos que presentan circunstancias que agravan a súa situación e cómpre dedicar especial atención ás consecuencias sobre as pensións das mulleres galegas da fenda salarial existente na súa vida laboral, que se agrava no caso das pensións.

A día de hoxe, a diferenza media entre as pensións das mulleres e as dos homes foi de 352,58 euros no ano 2016, último do que se teñen datos, o que se traduce nunha fenda do 36,8%. Se analizamos por tipo de pensión hai variacións importantes, salientando a excepcionalidade das pensións de viuvez (precisamente polas bases de cotización masculinas máis altas) pero podemos salientar como a

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 13:22
Nº Rexistro: 27705
Data envio: 12/03/2018 13:22:55.286

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

maior fenda está nas pensións de xubilación (37,9%), o que supón un total de 394,65 euros menos brutos ao mes.

As pensións do futuro estarán determinadas polo mercado laboral actual. Neste sentido, as consecuencias da crise económica e o empeoramento das condicións laborais teñen contribuído a profundar na desigualdade social e constátase como as súas consecuencias impactan de forma máis intensa sobre as mulleres, ocupando a maior parte da cota de traballo precario, temporal, parcial. Polo tanto, é preciso artellar medidas que transformen o actual mercado laboral e que palíen a situación xerada até o momento nas mulleres pensionistas galegas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

-Que medidas vai levar a cabo a Xunta de Galiza a respecto da fenda existente entre as pensións dos homes e as mulleres galegas?

-Ten avaliado ou vai avaliar o goberno galego o impacto na economía a medio prazo das baixas pensións das mulleres galegas?

-Que medidas tomou ou vai tomar o goberno galego para procurar unha suba significativa da contía media das pensións do colectivo feminino? Tense dirixido ao goberno central con este obxecto?

-Que medidas ten levado a cabo o goberno galego para influír positivamente na erradicación da fenda salarial laboral sobre as mulleres galegas e así mellorar a perspectiva das contías das súas pensións?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 13:22
Nº Rexistro: 27705
Data envio: 12/03/2018 13:22:55.286

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que valoración fai o goberno galego de que as mulleres galegas que cobran unha pensión poidan superar o limiar da pobreza?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/03/2018 13:17:01

Olalla Rodil Fernández na data 12/03/2018 13:17:09

María Montserrat Prado Cores na data 12/03/2018 13:17:13

Ana Pontón Mondelo na data 12/03/2018 13:17:14

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 13:22
Nº Rexistro: 27705
Data envio: 12/03/2018 13:22:55.286

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/03/2018 13:17:16

Xosé Luis Bará Torres na data 12/03/2018 13:17:17